

Lecturas da Segunda Guerra Mundial




BIBLIOTECAS
municipais



GUIA DE LECTURA





A Segunda Guerra Mundial foi o maior conflito bélico da historia; á guerra estendeuse a todo mundo con máis de 70 países implicados, máis de 60 millón de mortos, a maior parte civís, países arrasados, o holocausto... O final da guerra puxo fin realmente a unha época e determinou a situación mundial dos seguintes 50 anos. Como non podía ser doutra forma esta traxedia deixou tamén unha fonda pegada no mundo da cultura. Os historiadores volven unha e outra vez a analizar e tratar de explicar o por qué, o cómo e as súas consecuencias e publican novos estudos. Outro tanto podemos dicir do cine e da literatura: cada ano son multitude as novas obras, ambientadas nun ou noutro episodio do conflito. E moitas delas cun notable éxito, o que amosa o grande interese que segue a levantar entre o público, pese aos anos, pese a cantidade de estudos, documentais, novelas, ou películas que xa trataron o tema.

Por iso dende a Biblioteca Ágora ofrecemos esta pequena mostra que poñemos a vosa disposición

HISTORIA

Transcorridos máis de 70 anos dende a fin da Segunda Guerra Mundial esta segue a ser obxecto da mirada dos historiadores. Novos estudos apoiados na documentación ata agora pouco accesible dos países do leste, achegamentos minuciosos a aspectos parciais, o punto de vista do cotiá, do día a día , ou novas interpretacións de conxunto. A bibliografía sobre o tema é inabarcable e non deixa de medrar. E neste caso a cantidade si vai aparellada a calidade. Aquí tedes algunhas das obras que podedes atopar nas vosas bibliotecas.

Autor : [Max Hastings](#)

Título : [Se desataron todos los infiernos: historia de la Segunda Guerra Mundial](#)

Un maxistral relato do evento máis terrible da historia, por un dos mellores historiadores da Segunda Guerra Mundial. Un libro que mostra o impacto que a guerra tivo en centos de millóns de persoas en todo o mundo: soldados, mariños e aviadores, pero tamén amas de casa, traballadores e nenos. Do mesmo autor [La guerra de Churchill: la historia ignorada](#)

Autor : [William L. Shirer](#)

Título [Auge y caída del Tercer Reich](#)

Obra monumental en dous volumes, na que o xornalista e historiador estadounidense William Laurence Shirer ofrece a súa versión a historia do nacemento e caída do Terceiro Reich, apoiándose nunha inxente documentación. Un clásico escrito en 1962, que non perdeu a súa frescura e actualidade. Un dos mellores estudos sobre o réxime nazi.

Autor : [Anthony Beevor](#)

Título : [Berlín: la caída : 1945](#)

Cunha técnica narrativa moi coidada, e apoiándose en fontes documentais variadas e contrastadas, Beevor fálanos tanto das enormes penurias da poboación civil, das evacuacións, dos saqueos o da violencia contra las mulleres que acompañou á derrota alemá ... como das grandes operacións militares, as estratexias dos líderes, a as súas envexas e y receos. Del mesmo autor de [El día D: la batalla de Normandía](#)

Autor: [Timothy Snyder](#)

Título: [Tierras de sangre : Europa entre Hitler y Stalin](#)

Entre 1933 e 1945 case 14 millóns de persoas foron asasinadas en Europa baixo os réximes de Hitler e Stalin. Un asasinato masivo como obxectivo deliberado e inmediato de determinadas políticas soviéticas e nazis. Snyder relata os feitos, con testemuños de vítimas e verdugos, analiza os comos e porqués de tanto horror. Un libro fundamental para entender o século XX



Autor: Götz Aly

Título: *La utopía nazi : cómo Hitler compró a los alemanes*

Polémico estudio no que o autor demostra documentalmente como Hitler e os dirixentes do Reich compraron o silencio e complicidade da maioría dos alemáns a cambio de seguridade e benestar material. Que a fame e espoliación de Europa, a exterminación dos xudeus e saqueo dos seus bens, serviron para asegurar o nivel de vida do pobo alemán que, na súa gran maioría, aceptou unha utopía cimentada no roubo, o racismo e asasinato.

Autor: Nicholson Baker.

Título: *Humo humano.*

Baker indaga nas orixes da Segunda Guerra Mundial e o seu desenvolvemento a través de fragmentos de diarios, artigos de xornais e folletos propagandísticos. A súa posición, queda fixada na dedicatoria coa que conclúe o epílogo: "Dedico este libro a memoria de Clarence Pickett e outros pacifistas estadounidenses e británicos... Tentaron salvar refuxiados xudeus, alimentar a Europa, reconciliar a Estados Unidos e Xapón e impedir que estalase a guerra. Fracasaron, pero tiñan razón". Unha mirada crítica á interpretación de "Guerra Xusta"

Autor: Joachim Fest.

Título: *El hundimiento: Hitler y el final del Tercer*

O historiador alemán Joachim Fest, relata os últimos días de abril de 1945, cando Hitler e o seu corte, mergullados na tolemia no búnker da Cancillería, seguían soñando con exércitos inexistentes que salvarían Berlín e acaba co suicido do ditador. Levado ó cinema en 2004 por Oliver Hirschbiegel, cunha interpretación de excelente interpretación de Bruno Ganz.

Autor : Keith Lowe

Título : *Continente salvaje*

Neste estudo dos anos posteriores á guerra, Lowe describe un continente sacudido pola violencia, subliña a ausencia de moralidade e a sede de vinganza consecuencia do conflito, e describe os choques étnicos e os enfrontamentos civís que azoutaron as vidas da xente común e o establecemento dunha nova orde que trouxo unha difícil estabilidade

Autor : Saul Friedländer

Título : *El Tercer Reich y los judíos*

Obra imprescindible para o estudo da shoah, en dous volumes: No primeiro, *Los años de la persecución (1933-1939)*, o autor describe o marasmo ideolóxico e explica como o Estado nazi articulou as medidas legais para identificar e confinar en espazos segregados ós xudeus. No segundo, *Los años del exterminio (1939-1945)* expón o papel de todos os que foron relevantes no curso do Holocausto: docilidade das institucións, pasividade ou colaboración de parte da poboación e das elites políticas e intelectuais, silencio cómplice da xerarquía eclesiástica...



TESTEMUÑAS

Moitas vítimas deixaron testemuño escrito das súas vivencias neses anos. Nalgúns casos non lograron sobrevivir pero si sobreviviron os seus escritos, as máis das veces en forma de diario, para dar testemuño, veraz e vivo dos terribles acontecementos que truncaron as súas vidas, dos seu medos, penurias, e tamén das súas ilusións, esperanzas, da súa “normalidade” nese mundo nada normal. Outros si superaron a guerra e anos despois fan memoria dos feitos, as veces en forma novela, pero sempre coa veracidade de quen escribe sobre un feito vivido en carne propia. Todos eles son unha fonte imprescindible para coñecer o tema e achegarse a el dende o punto de vista das vítimas.

Autor : **Vasili Grossman**

Título : **El libro negro**

En 1943 Vasili Grossman (autor de Vida y destino) e Illyá Ehrenburg recolleron os testemuños dos asasinatos en masa dos cidadáns xudeus polas forzas alemás nos territorios do Este. O resultado foi este catálogo da infamia que veu demostrar que os campos de concentración non eran o resultado da guerra se non a súa razón de ser.

Autor : **Imre Kertész**

Título : **Sin destino**

En 1944, Kertész foi enviado xunto a outros 325.000 xudeus húngaros ós Lager alemáns. A través dun personaxe inventado, un adolescente que comparte có autor moitos acenos de identidade, asistimos a un relato sobre a eficiencia da maquinaria nazi, unha eficiencia baseada na humillación permanente, no deterioro físico, na negación da intimidade ...

Autor : **György Konrád**



Título : **Una fiesta en el jardín : novela y diario de trabajo**

Dávid Kobra vive unha infancia feliz nun pequeno pobo no corazón de Hungría. Ata que os nenos xudeus do seu pobo, e as súas familias son conducidos polos nazis a un campo de exterminio. Anos máis tarde, Dávid Kobra, convertido en escritor, lembra e recrea aqueles anos nunha novela chea de vitalidade e sensualidade, con grandes doses autobiográficas

Autor : **Marga Minco**

Título : **La hierba amarga**

Durante a ocupación nazi de Holanda, os pais e irmáns da escritora de orixe xudeo, Marga Minco foron deportados a campos de concentración en Alemania. Ningún deles regresou. En “La hierba amarga” publicada en 1957, a autora evoca os seus recordos cun estilo lacónico, conciso, e suxerente.



Autor : **Jorge Semprún**

Título **El largo viaje**

Año 1943. Nun vagón de mercadorías precintado, cento vinte deportados cruzan as terras francesas camiño do campo de concentración. É unha viaxe claustrofóbico, vexatorio. Mais unha simple palabra que pronuncia un compañeiro esperta toda clase de recordos. Semprún traza con maxistral prosa os itinerarios desas vidas atrapadas pola historia.

Autor : **Angel Wagenstein**

Título : **El Pentateuco de Isaac**

“Sobre la vida de Isaac Jacob Blumenfeld durante dos guerras, en tres campos de concentración y en cinco patrias”. Velaí o subtítulo desta novela na que Wagenstein relata o periplo dun xastre xudeu de Galitzia. Un relato non exento de humor no que se concentra a trágica odisea de tantos outros xudeus do seu tempo

Autor : **Primo Levi**

Título : **Triolgia de Auschwitz**

“**Si esto es un hombre**”, é a primeira testemuña dos horrores dos campos de concentración e da Solución Final. Retrato profundo, brutal da propia experiencia ao que máis tarde se incorporan outros dous títulos: “La Tregua”, na que o autor narra o seu regreso a Italia, e “Los hundidos y los salvados”, reflexión sobre o Holocausto dende a distancia dos anos.

Autor : **Alicia Appleman-Jurman**

Título : **Alicia : la historia de mi vida**

Alicia tiña nove anos cando os soviéticos ocuparon Buczacz (Polonia), causando a morte do seu irmán Moshe. Pouco mais tarde a cidade cae en mans de Alemaña e son asasinados o seu pai e outros tres irmáns. Ela loitou, sobreviviu, e decidiu contar a vivencias dos xudeus polacos e ucraínos vítimas da shoa para que a súa historia non quedase silenciada.

Autor : **Elie Wiesel**

Título : **Trilogía de la noche**

Eliezer Weisel foi arrastrado con quince anos aos campos de exterminio xunto á súa familia. Alí perderá aos seus pais e á súa irmá menor. En 1958 publica o seu aterrecedor testemuño en forma de novela, “A noite” primeira parte dunha triloxía que completou máis tarde con “El alba” e “El día”. Dedicou a súa vida a falar e escribir sobre o holocausto, a loitar contra o esquecemento e a violencia, polo que obtivo o Premio Nobel da paz en 1986

Autor : **Sebastián Haffner**

Título : **Historia de un alemán: memorias 1914-1933**

Haffner narra o itinerario dun mozo de dereitas que evoluciona desde a exaltación nacionalista a do verán de 1914 ao rexeitamento do mesmo movemento no verán de 1933. A traves desta magnífica exposición da súa propia vida tenta entender os motivos que fixeron posible o triunfo de Hitler. O seu veredicto sobre Alemaña é totalmente desesperanzado.



DOCUMENTAIS

A Segunda Guerra Mundial foi a primeira guerra amplamente documentada en imaxes. As melloras técnicas no mundo do cine, o interés dos exércitos con fins propagandísticos ou doutras persoas por deixar testemuña do horror, permitiu dispor de multitude de imaxes orixinais. Ou documental ofrécenos unha crónica dos acontecementos, pero tamén aporta unha análise que nos permite comprender eses feitos mellor e, especialmente, vivilos dun xeito máis real, case a través dos ollos dos protagonistas. Todo ademais cun formato entretido e fácil de seguir. Non é raro que estean a ter un enorme éxito.

Título: *Shoah*

Autor : *Claude Lanzmann*

Mais de nove horas de entrevistas ás vítimas do holocausto, aos perpetradores e a moitos dos polacos que vivían ao seu ao redor, nas que Lanzmann remove recordos e provoca aos entrevistados para que exerciten a súa memoria. Unha obra estremecedora e imprescindible para entender a perversión da solución final nazi

Título : *Auschwitz : Los nazis y la solución final*

Director : *Laurence Rees, Detlef Siebert*

Miniserie documental producida pola BBC, sobre os campos de exterminio, escrita e producida por Laurence Rees, e dirixida por Detlef Siebert. Como, por que, onde e quen son algunhas das interrogantes que se expoñen aquí usando material de arquivo, fotos da época, entrevistas e reconstrucións dixitais en 3D.

Título : *Ghetto : La película perdida de la propaganda nazi*

Director : *Yael Hersonski*

Trala Segunda Guerra Mundial, algúns historiadores utilizaron como testemuña da vida nos guetos unha película filmada en Varsovia polos nazis en 1942: "Ghetto". Corenta anos mais tarde descóbrese outra cinta na que se ve a posta en escena de cada acción. Yael Hersonski recupera este material e demostra o engano cinematográfico escondido na película, cun só obxectivo: a propaganda nazi

Título : *The last days*

Director : *James Moll*



Documental sobre o holocausto en xeral, e sobre a súa incidencia nos xudeus húngaros en particular. Realizado principalmente en base a testemuños de sobreviventes, está producido por Steven Spielberg e a súa fundación visual de historia "Shoah". Foi premiado co Óscar ó Mellor documental en 1999 e obtivo excelentes críticas.

Autor : [Mark Jonathan Harris](#)

Título : [En brazos de un extraño: El traslado de los inocentes](#)

Entre 1938 e 1939, antes do inicio da II Guerra Mundial, 10.000 nenos, a maioría xudeus, foron enviados a Inglaterra desde diversos países como Alemaña, Austria ou Checoslovaquia. Abandonando ás súas familias e fogares, emprenderon unha amarga viaxe que lles salvou da morte. Gañador do Oscar ó mellor documental no ano 2000

Título : [Hitler y Stalin: historia de una enemistad](#)

Director : [Ullrich Kasten](#)

Este documental combina filmacións de arquivos da época, moitos inéditos, e gravacións actuais, para profundar na complexa personalidade e a paranoia de dous dirixentes que estableceron nos seus países senllos réximes de terror, militaristas e totalitarios.

Título : [Noche y niebla](#)

Autor : [Alain Resnais](#)

Doce anos despois da Liberación e do descubrimento dos campos de concentración nazis, Alain Resnais entra en Auschwitz para recontar a traxedia que sufriron os prisioneiros, e explicar as causas e consecuencias desta: desde o advenimiento do nazismo e a deportación dos xudeus ata o xuízo de Nuremberg

Título : [Secretos de la II Guerra Mundial](#)

Colección de documentais sobre episodios concretos da Segunda Guerra Mundial. Historias secretas temidas e ocultas durante este período bélico, que proporcionan unha visión clara do contexto histórico, dos obxectivos estratéxicos e do esforzo táctico realizado por aviadores, mariñeiros e soldados do montón para gañar ao inimigo.

Título [La Segunda Guerra Mundial en color](#)

Miniserie de TV, doce documentais en tres episodios, que analizan e resumen o desenvolvemento do conflito, tal como o viviron os seus protagonistas. Cós testemuños dos que estiveron alí: achegas persoais, cartas e diarios, que expresan o medo, as dúbidas, emocións e angustia dos que viviron e morreron durante a guerra



NOVELAS

A gran transcendencia do conflito converteuno nun tema literario de primeira orde, ó que recorrerán unha e outra vez escritores de todo o mundo: Relatos sobre derrubamento do orden social europea e o ascenso dun novo poder que transformarán non só a vida de Alemaña, senón que acabará levando a Europa e a todo o mundo ó maior dos conflitos da historia.

Historias sobre o holocausto, inquietantes, aterradores, que nos achegan ás zonas mais escuras da alma humana. Sempre flotando no aire a pregunta sen resposta de Como foi posible que sucedese todo isto?

Nestes últimos anos, o nazismo e a Alemaña nazi convértense tamén no marco de novelas de intriga e aventura que, sen afondar nas razóns do conflito, veñen a confirmar o profunda pegada que estas páxinas da nosa historia deixaron na cultura occidental.

Autora : *Irène Némirovski*

Título : *Suite francesa*

París, 1940. Tras as primeiras bombas sobre a capital, miles de familias lánzanse ás estradas en coche, en bicicleta ou a pé. Ante a ocupación, a orde social imperante se derruba. A presenza dos invasores espertará odios, pero tamén historias de amor clandestinas e públicas mostras de colaboracionismo.

Autor : *Giorgio Bassani*

Título : *El jardín de los Finzi-Comini*

Retrato da burguesía xudía de Ferrara, e historia de amor non correspondido. Un relato nostálxico, con tinguiduras autobiográficos, sobre o derrubamento na Europa fascista da elite xudía, distante, incapaz de aceptar a realidade e de prever o sombrío futuro que lles agarda, unha elite encarnada na familia Finzi-Contini.

Autora : *Kathrine Taylor*

Título : *Paradero desconocido*

Martin Schulse, alemán, e Max Eisenstein, xudeu, son dous amigos e compañeiros que traballan no mercado de obras de arte en California. En 1932 Martin volve a Alemaña. Comeza un intercambio de cartas nas que pronto se descobre a sombra da situación política de Alemaña. Publicada en 1938, demostrou ser a mensaxe de advertencia máis conmovedor contra o nazismo



Autor : **Arthur R. G. Solmssen**
Título : **Una princesa en Berlín**

Berlin anos 20. A un Berlín convulso pola crise e o desconcerto, axitado por bandas incontroladas de excombatentes nacionalistas, chega o americano Peter, que, namorado dunha xudía de familia aristócrata frecuenta os salóns de átaa sociedade e os tugurios bohemios dos artistas. Pronto se ve involucrado sen querer nun asasinato político, que presaxia xa os horrores do Terceiro Reich

Autor : **Christopher Isherwood**
Título : **Adiós a Berlín**

Christopher, un mozo británico, aluga unha habitación en Berlín e imparte clases de inglés. Este traballo e a súa curiosidade de escritor levaranlle a coñecer a personaxes de todo tipo. “Adiós a Berlín” é unha crónica do Berlín da República de Weimar, decadente e atractivo, sobre o que se cerne a crecente brutalidade do nazismo. Esta novela inspirou o **musical de Broadway** e a **película Cabaret** dirixida por Bob Fosse.

Autor : **Curzio Malaparte**
Título : **Kaputt**

Coincidindo co inicio da ofensiva alemá contra Rusia, Curzio Malaparte empezou a escribir Kaputt, obra coa que pretendía recoller o testemuño da súa experiencia como correspondente de guerra durante a Segunda Guerra Mundial. Unha conmovedora obra literaria sobre a realidade, a un tempo salvaxe e grotesca, da guerra na fronte

Autor : **Martin Amis**
Título : **La zona de interés**

Amis regresa ao nazismo e ao Holocausto, que xa tratara na data do tempo, cedendo a palabra ós verdugos, protagonistas desta historia: Thomsen oficial sobriño do xerarca nazi Borman; Paul Doll comandante do campo, de cuxa muller se namora, e Szmul, vítima-verdugo que quere sobrevivir para evitar o esquecemento. E por encima de todo, unha pregunta: Pode entenderse o asasinato planificado de millóns de seres humanos?

Autor : **Nir Baram**
Título : **Las buenas personas**

Un libro provocador centrado en dous protagonistas Thomas e Alexandra que, enfrontados ao ocaso dun mundo que se desmorona durante a Segunda Guerra Mundial, tomaron a decisión de sobrevivir a calquera prezo e entrar a formar parte dos réximes dos seus respectivos países: o nazi e stalinista



Autor : **Patrick Modiano**

Título : **Trilogía de la ocupación**

Esta trilogía contén as tres primeiras novelas do autor francés: “El lugar de la estrella”, “La ronda nocturna”, e “Los paseos de circunvalación”, publicadas entre 1968 e 1972. Tres obras independentes que comparten período histórico: a ocupación nazi de parte de Francia e o réxime de Vichy, e unha mirada crítica, cara a personaxes que, por supervivencia ou por puro interese, souberon nadar a favor de corrente.

Autor : **Jonathan Littell**

Título: **Las benévolas**

Maximilien Aue, Max Aue, antigo oficial das SS, decide contar o seu pasado. E empeza avisando ao lector de que non vai pedir perdón. A través deste personaxe obsesivo, complexo, pero totalmente consciente do que está a ver, Jonathan Littell fainos revivir os horrores da Segunda Guerra Mundial. Dura, desapiadada, salvaxe.

Autor : **Emilio Ruiz Barrachina**

Título : **Estación libertad**

Estación Libertad conta a historia de tres galegas que rexentaron a Estación de tren de Ribadavia nos anos cuarenta e, burlando ás autoridades franquistas e á mesma Gestapo, axudaron a cruzar a fronteira con Portugal a centos de refuxiados e dende ahí partir rumbo a liberdade. Pronto na gran pantalla

Autor : **Laurent Binet**

Título : **HHhH**

HHhH: Himmlers Hirn heisst Heydrich, « o cerebro de Himmler chámase Heydrich». Iso dicíase nas SS de Heydrich, xefe da Gestapo e cerebro da solución final. HHhH é tamén o título da novela na que Binet, permitindo penetrarnos no proceso de creación literaria, desvélanos a xestación da Operación Antropoide, que puxo fin á súa vida.

Autor : **Jiří Weil**

Título : **Mendelssohn en el tejado**

Praga, 1942. “Mendelssohn en el tejado” ofrece unha mirada satírica da vida cotiá nunha Praga arrasada pola ocupación nazi. Unha obra mestra sobre o mal, a dor, o poder, a violencia e o sufrimento que nos mostra que, a pesar do noso triste destino, o ser humano atopa sempre novas maneiras de sobrevivir.

Autor : **Sándor Márai**

Título : **Liberación**



O exército vermello asedia Budapest, tomada polos alemáns. Erzsébet durante catro semanas xunto a un grupo de concidadáns, esperando a liberación. Cando aparece o primeiro soldado soviético, nada será como imaxinara. Conmovero relato sobre a devastación da pola guerra e a desilusión ante a nova etapa que se aveciña.

Autor : **Fernández Naval, Francisco X.**

Título: **A noite branca**

A través de catro voces narrativas o autor cóntanos a historia dun ourensán que ingresou como voluntario na División Azul. Por esta novela, xurdida dunha caixa de marmelo na que o autor atopou un feixe de fotografías e cartas enviadas dende a fronte rusa, o autor obtivo o Premio Irmandade do Libro ao Mellor Libro Galego 2012.

Autor : **Antón Riveiro Coello**

Título : **Laura no deserto**

A novela mais premiada de Riveiro Coiello fala da memoria histórica e a recuperación da identidade, e percorre escenarios tan afastados como Pobra do Caramiñal, Nova York, Barcelona ou Compostela, para reconstruír o pasado dunha muller, Laura, que sufriu o inferno do campo de concentración de Ravensbrück

Autor : **Alberto Cumal**

Título : **O amor nos escuros días de Birkenau**

É o amor a mellor arma para loitar contra a barbarie da sinrazón humana? Podes confiar na bondade dese sentimento nun lugar onde hai que pelexar cos seres máis queridos por respirar a última burbulla de osíxeno que fica nas cámaras de gas? Estas son algunhas das preguntas que asaltaron ó perruqueiro Thomas Münch cando coñeceu a Irene en Birkenau

Autora: **Ledicia Costas**


Título : **Un animal chamado néboa**

Relatos descarnados sobre diversos episodios acontecidos durante contenda: O cerco de Leningrado, o naufraxio do buque USS Indianápolis, a prostitución das prisioneiras de Mathausen... da man dunha das autoras mais destacadas da narrativa galega actual

Autor : **Philip Kerr**

Título : **Praga mortal**

Berlín 1941. Tras a súa traumática estancia na fronte rusa, Bernie Gunther, detective protagonista da saga "Berlín Noir" reincorpórase ao seu posto como comisario de Homicidios da "Krip"?, policía criminal de Berlín. Pronto é reclamado polo xeneral das SS Reinhard Heydrich, para que acuda á súa residencia no Castelo de Praga, onde terá que investigar o asasinato dun dos seus asistentes persoais.



Autor : **Bernhard Schlink**

Título : **El lector**

Un mozo de quince anos mantén unha relación erótica cunha estraña muller madura. Tras uns meses de apaixonada relación, ela desaparece. Reencontráranse seis anos mais tarde nun xuízo no que participarán nos lados opostos: el como representante da acusación e ela como acusada por crimes de guerra en relación co nazismo.

Autora : **Clara Sánchez**

Título : **Lo que esconde tu nombre**

Tras quedar embarazada, Sandra decidiu dar un xiro á súa vida, deixando o traballo e retirándose á costa levantina. Na praia coñece a un matrimonio octoxenario, moito menos inocentes do que puidese parecer. A historia continúa nunha segunda entrega, publicada en 2016, **Cando chega a luz..** Un desacougante relato sobre a vinganza, os límites do mal e a forza que se esconde, case invisible, no lado máis escuro do ser humano

Autora : **Dolores Redondo**

Título : **Todo esto te daré**

Manuel chega a Galicia para recoñecer o cadáver do seu marido Manuel, morto nun accidente na Ribeira Sacra. Pronto descobre que a investigación se ha pechado con demasiada rapidez. A procura da verdade obrigaralle a navegar entre o amor por quen foi o seu marido e o tormento de vivir de costas á realidade. Premio Planeta 2016

Autor : **Xabier Quiroga**


Título : **Izan o da saca**

Unha narración trepidante sobre un dos feitos históricos máis intrigantes da posguerra: a “**Ruta das ratas**”, a rede organizada polos xerarcas do Terceiro Reich para permitir a fuga de nazis desde Europa a América do Sur, no seu paso polo noroeste da Península Ibérica, en concreto pola Ribeira Sacra.

Autor : **Carlos Reigosa**

Título : **A vinganza do defunto**

Nirvardo Castro, o detective creado por Carlos Reigosa, é contratado por un acomodado nonaxenario para investigar a súa futura morte. Acompañado do seu compañeiro Conde o noso detective rastreará no pasado do seu cliente e da cidade de Vigo como centro de espionaxe alemán na II Guerra Mundial e punto de fuxida de nazis cara a Sudamérica



CINE

Poucos eventos históricos teñen sido tratados con tanta frecuencia e con tanta calidade polo cinema. Dende as primeiras películas, realizadas en plena guerra, cunha forte carga propagandístico, ata o presente (cada ano estréanse varias películas sobre o tema) foron moitos e os grandes directores que dende os máis variados puntos de vista deixáronnos a súa visión do conflito. Películas sobre o Holocausto, as grandes batallas, submarinos, a vida na retagarda, espías, as orixes... Nesta guía, tes unha opción do que podes atopar nunha biblioteca

Título : *El gran dictador* (1940)

Dirección : *Charles Chaplin*

Un humilde barbeiro xudeu ten un parecido asombroso co ditador de Tomania, tirano que culpa aos xudeus da situación do país. Un día os gardas confunden ós dous e levan ó tirano a un campo de concentración e ó barbeiro á capital para dar un discurso sobre o inicio da conquista do mundo. Parodia contra Hitler e o fascismo.

Título : *Ser o no ser* (1942)

Dirección : *Ernst Lubitsch*

O profesor Siletsky, espía ao servizo da Gestapo, está a piques de entregar unha lista co nome dos colaboradores da Resistencia. O actor polaco Joseph Tura, a súa esposa e o resto da compañía, tratarán de evitalo. Intelixente parodia antinazi ao máis puro estilo Lubitsch.

Título : *Casablanca* (1942)

Dirección : *Michael Curtiz*

Casabranca 1942. Ó Café de Rick, local nocturno frecuentado por contrabandistas, xendarmes, asasinos... chega un líder checo, Victor Laszlo, perseguido pola Gestapo. O propietario, ex amante da súa muller, deberá escoller entre a súa propia felicidade e o seus ideais. Probablemente o drama romántico mais valorado da historia do cine.

Título : *Roma, ciudad abierta* (1945)

Dirección : *Roberto Rossellini.*

Retrato do horror vivido en Roma durante a ocupación alemá, rodada apenas dous meses antes de que esta finalizase. Partindo dun feito real, o fusilamento dun cura polos nazis, "Roma citta aperta", película que para moitos marca o comezo do neorrealismo italiano, narra os sucesos acaecidos a varios membros da resistencia italiana.



Título: *Objetivo Birmania* (1945)

Dirección: *Raoul Walsh*

O Mayor Nelson e os seus homes son lanzados en paracaídas sobre a xungla birmana, tras as liñas inimigas, para destruír unha estación de radar xaponesa. A expedición a través da xungla e pantanos converterase nun xogo mortal no que tan importante será cumprir con éxito a misión como poder ser rescatados.

Título : *El extraño* (1946)

Autor : *Orson Welles*

Un axente da comisión de crimes de guerra, chega a Connecticut seguindo o rastro de Franz Kindler, un dos cerebros dos campos de exterminio. Co horror do Holocausto aínda moi recente, Orson Welles aborda a necesidade de perseguir e deter aos culpables.

Título : *El puente sobre el río Kwai* (1957)

Dirección: *David Lean*

Un grupo de prisioneiros británicos é obrigado polos xaponeses para construír unha ponte. Os oficiais opoñeranse a toda orde que viole a Convención de Xenebra sobre os dereitos e as condicións de vida dos prisioneiros de guerra.

Título: *Vencedores o vencidos : (el juicio de Nuremberg)* (1961)

Dirección : *Stanley Kramer*

En 1948, tres anos despois do final da Segunda Guerra Mundial, catro xuíces cómplices da política nazi de esterilización e limpeza étnica van ser xulgados en Nuremberg. Sobre Dan Haywood, un xuíz norteamericano retirado, recae a importante responsabilidade de presidir este xuízo contra os crimes de guerra nazis.

Título : *Patton* (1970)

Franklin J. Schaffner

Biografía do xeneral norteamericano George S. Patton, quen, tras vencer ao mariscal alemán Rommel no norte de África, conduciu ás súas tropas de maneira imparable a través de Europa

Título : *Cabaret* (1972)

Dirección : *Bob Fosse*

Historia de amor entre unha bailarina dun local nocturno de moda e un estudante, no Berlín de inicios dos anos 30, co nazismo en pleno auxo político. Adaptación libre do musical de Broadway de 1966 do mesmo título, á súa vez baseado na novela de Christopher Isherwood *Adeus a Berlín*. Un dos mellores musicais da historia



Título : *Siete hombres al amanecer* (1975)

Dirección : *Lewis Gilbert*

En 1942, un grupo de sete soldados checos, exiliados no Reino Unido, son enviados ao seu país eliminar a Heydrich. A película detalla a planificación do atentado, a súa execución e a dura represión que sufriron os checos tras a morte de Heydrich.

Título : *Los niños del Brasil* (1978)

Dirección : *Franklin J. Schaffner*

O Doutor Josef Mengele, o “Anxo da morte” do campo de Auschwitz, refúxiase en Brasil tras a caída do III Reich, onde decide proseguir os seus aberrantes experimentos. O americano Barry Kohler ponse en contacto con Ezra Lieberman, un cazador de nazis, cuxas investigacións o levan a descubrir o arrepiente plan de Mengele.

Título : *La decisión de Sophie* (1982)

Director : *Alan J. Pakula*

Verán de 1947. Stingo, un mozo aspirante a escritor, instálase nunha pensión familiar de Brooklyn. Pronto fai amizade cos seus veciños, unha excéntrica parella composta por un desequilibrado científico xudeu e unha muller polaca, sobrevivente de Auschwitz que vive atormentada polo seu pasado.

Título : *La caja de música* (1989)

Dirección : *Costa Gavras*

Un inmigrante húngaro afincado nos Estados Unidos desde o final da II Guerra Mundial, é acusado de ser un criminal de guerra nazi. A súa filla Ann, unha avogada de prestixio, convencida da súa inocencia, decide ocuparse persoalmente do seu defensa.

Título : *Europa* (1991)

Dirección : *Lars von Trier*

Tras a guerra, Leo Kessler, un mozo americano de orixe alemá, trasládase a Alemaña para traballar co seu tío nunha compañía de ferrocarrís. O seu traballo permitirlle viaxar, fascinado, por un país destruído pola guerra; pero tamén terá que enfrontarse aos poucos aos horrores da barbarie nazi.

Título : *Stalingrado* (1993)

Dirección: *Joseph Vilsmaier*

Película coral que mostra os horrores da guerra a través dun grupo de soldados alemáns que chegan a Stalingrado tras gozar dun permiso. Terán que loitar nunha das batallas máis duras da Guerra, na que morreron máis dun millón e medio de soldados.



Título : *La Lista de Schindler* (1993)

Dirección : *Steven Spielberg*

Tras a invasión de Polonia por Alemaña, *Oskar Schindler*, ambicioso home de negocios, decide crear unha fábrica de esmaltados utilizando man de obra xudía procedente do gueto de Cracovia. Pronto toma conciencia das atrocidades do réxime e decide comprar aos seus traballadores para salvarlos do seu fatal destino.

Título : *La vida es bella* (1997)

Dirección : *Roberto Benigni*

En 1939, a piques de comezar a guerra, Guido chega a Arezz, e coñece coa que pronto casa e ten un fillo. Ao estalar a guerra, os tres son internados nun campo de exterminio, onde Guido logrará facer crer ao seu fillo que o terror que están a vivir é un xogo. Fervosa película sobre o poder da imaxinación e o amor nunha situación extrema

Título : *La delgada línea roja* (1998)

Dirección : *Terrence Malick*

Ano 1942. Na Illa de Guadalcanal, no Pacífico, un grupo de homes da compañía de fusileiros do exército americano "C de Charlie" chega á fronte oriental para relevar ás unidades de infantería da Mariña, esgotadas polo combate

Título : *Salvar al soldado Ryan* (1998)

Dirección : *Steven Spielberg*

Tras o desembarco Normandía (impresionante na película) un grupo de soldados americanos teñen que cumprir unha perigosa misión: poñer a salvo ao soldado James Ryan, cuxos tres irmá ns morreron na guerra

Título : *Hermanos de sangre* = *Band of Brothers* (2001)

Dirección : *Stephen Ambrose (Creator)*,

Miniserie producida por HBO que narra a historia da Easy Company, batallón americano do rexemento 506 de paracaidistas que loitou en Europa durante a II Guerra Mundial. Inclúe entrevistas aos sobreviventes, recordos dos xornalistas e cartas dos soldados

Título : *El pianista* (2002)

Autor: *Roman Polanski*

Wladyslaw Szpilman, brillante pianista polaco de orixe xudía, vive coa súa familia no gueto de Varsovia. Cando, en 1939, os alemáns invaden Polonia, consegue evitar a deportación grazas á axuda dalgúns amigos. Pero para sobrevivir esconderse e afrontar constantes perigos.



El hundimiento : los últimos días (2004)
Oliver Hirschbiegel

Berlín, abril de 1945. A guerra está sentenciada, pero nas rúas de Berlín aínda se libra unha encarnizada batalla. Hitler e os seus fieis atrincheiráronse nun búnker e , acompañado de Eva Braum, prepara a súa despedida.

Título : *Cartas sobre Iwo Jima* (2006)
Dirección : *Clint Eastwood*

Versión nipona da batalla de Iwo Jima, o episodio máis cruento da guerra do Pacífico, no que morreron máis de 20.000 xaponeses e 7.000 estadounidenses por controlar un illote de gran valor estratéxico. O mesmo ano, Eastwood dirixiu tamén "Bandeiras dos nosos pais", que narra a mesma batalla desde o punto de vista norteamericano.

Título : *Los falsificadores* (2007)
Dirección : *Stefan Ruzowitzky*

Nos últimos anos do conflito, cando o Reich vía próximo o seu final, as autoridades alemás impulsaron *Operación Bernhard* có fin de imprimir moeda estranxeira (libras e dólares) para financiar a espionaxe e alterar as economías dos países aliados. A operación utilizou prisioneiros xudeus, incluíndo convictos por falsificación, que obtiveron certos privilexios

Título : *Hijos del Tercer Reich* (2013)
Dirección : *Philipp Kadelbach*



Miniserie alemá de tres episodios. Cinco amigos alemáns reúnen para despedirse antes de marcharse aos seus respectivos destinos. Prometen volver atoparse despois da contenda, pero a guerra, que transformará radicalmente a toda Europa tamén os cambiará a eles.

Título : *El hijo de Saúl* (2015)
Director : *László Nemes*

En 1944, durante o horror de Auschwitz, Saúl, un prisioneiro xudeu húngaro membro dos 'Sonderkommando' -encargados de queimar os cadáveres dos prisioneiros e limpar as cámaras de gas-, atopa certa supervivencia moral tratando de salvar dos fornos crematorios o corpo dun neno que toma como o seu fillo

Título : *Descifrando enigma - The imitation game* (2014)
Director : *Morten Tyldum*

Biopic sobre o matemático británico Alan Turing, responsable do descifrado dos códigos secretos nazis contidos na máquina Enigma, que determinou o fin da guerra a favor dos aliados.



CÓMIC

Un fito importante na la historia do cómic foia publicación de Maus. Por primeira vez se aborda nun medio popular o tema mais solemne que deixou o século XX: a Segunda Guerra Mundial. A pesar das dificultades coas que tivo que loitar contra a súa publicación, Art Spiegelman recibiu o Premio Pulizer en 1992. Algo estaba cambiando na consideración desta forma de escritura, e moitos outros autores están aí para aproveitalo. Velaquí algúns exemplos

Autor : *Pascal Crocci*

Título : *Auschwitz*

Nalgún lugar da antiga Iugoslavia, o vello Kazik e a súa muller, Cessia, lembran Auschwitz. Relato conmovedor inspirado en testemuños de sobreviventes de Auschwitz, recomendable para os e as mozas que teñan interese nesta parte tan escura da Historia

Autor : *Paco Roca*

Título : *Los surcos del azar*

A través dos recordos de Miguel Ruiz, republicano español exiliado en Francia, Paco Roca reconstrúe a historia da División Leclerc, formada por republicanos e anarquistas españois que encabezarán o desfile da liberación de París o 26 agosto de 1944.

Autor : *Fabien Nury, Sylvain Vallée*

Título : *Érase una vez en Francia*

Inmigrante, chatarreiro, xudeu, millonario, membro da resistencia, colaboracionista... Criminal para uns, heroe para outros. Joseph Joanovici foi todo iso e moito máis. Historia do mais puro xénero negro sobre un home que fixo a súa fortuna á conta dos nazis.

Título : *Yo, René Tardí*

Autor : *Jacques Tardí*

Aproveitando as vivencias persoais do seu pai e, a partir dos testemuños escritos que este deixou, Tardí profunda de maneira minuciosa e documentada na experiencia de miles de soldados e oficiais franceses nos campos de prisioneiros da Alemaña nazi entre 1940 e 1945.

Título : *Hitler: la novela gráfica*

Autor : *Shigeru Mizuki*

Mizuki combatiu no bando xaponés na segunda guerra mundial. Destacamos aquí dous títulos sobre o conflito: Hitler, la novela gráfica, na que retrata maxistralmente ó monstro responsable de tantas mortes, e Operación muerte, na que nos fala dos horrores da guerra



Título : *Maus : relato de un superviviente*

Autor : *Art Spiegelman*

Biografía de Vladek Spiegelman, sobrevivente Auschwitz contada a través do seu fillo. Relato maxistral do pasado aterrador que marcou as vítimas e ós seus descendentes, que reproduce con mestría a deshumanización básica dun monstruoso proceso de aniquilación

Título : *Pies descalzos : una historia de Hiroshima*

Autor : *Keiji Nakazawa*

Gen, un neno de seis anos, perdeuno case todo: vivenda, pertenzas, beleza, os seres queridos. Posúe, en cambio, algo que o fai especial: a esperanza nun futuro mellor. Unha oda aos que sobreviviron, un canto á vida, e un recordatorio do horror que o home pode provocar.

Autor : *Marco Rizzo*

Título : *Jan Karski : el hombre que descubrió el holocausto*

Jan Karski foi un partisano polaco que escapou do gulag e do gueto de Varsovia, sufriu as torturas das SS, fuxiu dos bombardeos, e denunciou en 1943 ante o primeiro ministro británico Churchill e Roosevelt os horrores da Shoa. Este cómic relata a súa historia

Autor : *Jason Lutes*

Título : *Berlín*

A triloxía Berlín, da que ata hoxe só se publicaron os dous primeiros volumes “*Ciudad de piedras*” “*Ciudad de huesos*” describe o ambiente da cidade en entreguerras. O seu relato está composto polas pequenas e grandes historias dos seus habitantes

Autor : *Frank Jaraba*

Título : *División azul*

1941. Santi, un mozo comunista, alístate na División azul para cumprir unha misión que lle encomenda o Partido: facer chegar ao goberno ruso uns negativos que conteñen os documentos relacionados coa investigación atómica nazi. Unha historia de espionaxe clásica

Autor : *Emmanuel Guibert*

Título : *La guerra de Alan*

Retrato do día a día dun soldado. Unha historia oral levada á novela gráfica

Autor : *Schwartz*, ilustración & *Yann*, texto

Título : *El botones de verde caqui: una aventura de Spirou*

1942. Na Bruselas ocupada pola Alemaña nazi, Fantasio traballa para o periódico Le Soir mentras Spirou, o coñecido botones, é en realidade un membro da resistencia belga



XUVENIL

E por último, seleccionamos algúns títulos especialmente recomendados para lectores xuvenís. Algúns deles, como a Memoria de Ana Frank protagonizados por rapaces ou rapacas ós que lle tocou vivir este momento tan trágico da historia, e que se convertiron có paso do tempo en auténticos clásicos do xénero.

Título : *Cando Hitler roubou o coello rosa*

Autor : *Judith Kerr*

Relato autobiográfico sobre a fuxida dunha familia da Alemaña nazi. O coello rosa, un dos xoguetes que Anna deixa atrás cando abandona a súa casa, simboliza a desaparición do mundo infantil e a incorporación á unha vida adulta poboada de vítimas, medo e incertezas

Título : *Diario de Ana Frank*

Autor : *Ana Frank*

Durante a ocupación alemá de Holanda, Ana Frank, nena xudía de 13 anos, viviu coa súa familia e outras catro persoas agochada “no cuarto de atrás” bufarda anexa ás oficinas do pai. Mentras, escribía este diario abandonado pola súa detención e envío a Bergen-Belsen.

Título : *He vivido tan poco : diario de Eva Heyman*

Autor : *Eva Heyman*

O diario de Eva Heyman é tamén o testemuño dunha adolescente xudía, neste caso húngara, que como Ana Frank morreu nun campo de concentración. A diferenza dela, Eva non viviu agochada e foi descubrindo día a día a degradación da sociedade

Título : *La historia de Erika*

Autor : *Ruth Vander Zee, texto; Roberto Innocenti, ilustración*

Unha familia xudía é obrigada a abandonar a “cidade cercada” na que fora recluída e subir e amontoarse nun tren. Tras varios días de viaxe insufrible, unha nai decide lanzar un bebe ó exterior. A xente do exterior recólleo e sálvaos dun destino inevitable.

Título : *O neno do pixama a raias*

Autor ; *John Boyne*

Bruno, un neno de nove anos, se muda coa súa familia a unha casa xunto a unha cerca. Cercas como esta existen en moitos sitios do mundo, só desexamos que non che atopes nunca cunha delas. Recomendable a partir de 13 anos, adaptada ó cine por Mark Herman.



Título : *28 días*

Autor : *David Safier*

Emocionante novela sobre o levantamento do gueto de Varsovia protagonizada por Mira, unha moza de 16 anos, que á súa temperá idade experimentará a traizón, o sufrimento e a felicidade. 28 días para vivir toda unha vida, descubrir o amor verdadeiro e converterse en lenda. E para contestar a maior das preguntas: que clase de persoa queres ser?

Título : *El festín de la muerte*

Autor : *Jesús Díez de Palma*

Dá igual que sexas un neno ou un adulto. Que esteas en Polonia, Alemaña ou Rusia; que sexas unha promesa do fútbol ou un soldado enrolado á forza. As balas e as bombas non fan distincións e, quen dispara, ás veces tamén é unha vítima. Esta é a historia desas persoas anónimas que, na Europa de 1939, foron arrastradas ao festín da morte.

Autor : *Markus Zusak*

Título : *La ladrona de libros*

Novela emotiva sobre unha nena alemá de nove anos desde que é dada en adopción pola súa nai ata o final da II Guerra Mundial. A súa nova familia, ensínalle a ler e, a través dos libros, Rudy logrará combater a tristeza.... e salvará a vida

Título : *La habitación de arriba*

Autor : *Johanna Reiss*

Annie e Sini, dúas irmás xudías de Holanda vense obrigadas a separarse da súa familia durante a guerra. Os seus pais atoparán un refuxio para elas na casa dun granxeiro, onde terán que vivir encerradas. *Medalla de Honor Newery 1973*

Autor : *Tami Shem-Tov*

Título : *La niña de los tres nombres*

Holanda, 1943. Unha nena xudía acaba de estrear nome, casa e familia. Deles depende a súa supervivencia. Esta é a historia real de Jacqueline-Lienecke-Nili, dos holandeses que a axudaron a escapar do exterminio e das cartas enviadas polo seu pai desde un agocho.

Autor : *Cartas a Bárbara*

Título : *Leo Meter*

Cartas enviadas por un pai, Leo Meter, á súa pequena filla durante a Segunda Guerra Mundial desde a fronte, onde foi levado polos nazis. Documento entrañable sobre a barbarie da guerra, aínda que esta palabra en ningún momento aparece nas cartas

DAVID SAFIER
28 días

ENLACES DE INTERÉSE

En internet podedes atopar unha enorme cantidade de información rigorosa sobre a Shoah:

[United States Holocaust Memorial Museum](#) = Museo Nacional de la Memoria del Holocausto de Estados Unidos. O seu obxectivo é preservar a documentación, e promover o estudo e a interpretación da historia do Holocausto, así como a axudar aos líderes e cidadáns do mundo confrontar o odio, evitar o xenocidio, a promover a dignidade humana, e fortalecer a democracia.

[Yad Vashem](#), Centro Mundial de Conmemoriación de la Shoa: Museo do holocausto en Israel. Considerado o centro de información máis importante do mundo sobre o Holocausto, pretende salvagardar a memoria do pasado e explicar o seu significado cara ao futuro. Establecido en 1953 como centro mundial de documentación, investigación, educación e conmemoración do Holocausto é un lugar de encontro internacional e interxeracional.

[USC Shoah foundation](#) (University of Southern California Shoah Foundation. Fundación creada por Steven Spielberg para gravar testemuñas de sobreviventes e do holocausto.

[Museo de Ana Frank](#) = Museo de Ana Frank (Amsterdam). O seu obxectivo é a preservación del escondite — conocido en neerlandés como Achterhuis — y una exhibición sobre la vida y tiempos de Ana Frank, el museo funciona como un espacio para resaltar todas las formas de persecución, discriminación.

En [Lecturasdelholocausto.com](#) páxina sobre o holocausto das “ Bibliotecas Municipales de Madrid”, poderás atopar unha selección amplísimas de libros e películas sobre o holocausto, o contexto histórico no que se produce, a Europa de entreguerras... ordenados por temas e comentados.



Bibliotecas Municipais de A Coruña



<http://www.coruna.es/bibliotecas>

Servizo Municipal de Bibliotecas de A Coruña Rúa Durán Loriga 10-1º, 15003, A Coruña Teléfono 981184384 smb@coruna.es	
Biblioteca Municipal Ágora Lugar de A Gramela, 17 15010, A Coruña Teléfono 981189886 baqora@coruna.es	Biblioteca Municipal Infantil e Xuvenil Rúa Durán Loriga 10-B, 15003, A Coruña Teléfono 98184388 binfantil@coruna.es
Biblioteca Municipal Castrillón Praza de Pablo Iglesias s/n 15009 A Coruña Teléfono 981184390 bcastrillon@coruna.es	Biblioteca Municipal Monte Alto Praza dos Avós s/n 15002, A Coruña Teléfono 981184382 bmontealto@coruna.es
Biblioteca Municipal de Estudos Locais Rúa Durán Loriga 10-1º, 15003, A Coruña Teléfono 981184386 bestudiosl@coruna.es	Biblioteca Os Rosales Praza Elíptica 1-1º 15011 A Coruña Teléfono 981184389 brosales@coruna.es
Biblioteca Municipal Forum Metropolitano Rúa Río Monelos 1, 15006, A Coruña Teléfono 981184298 / fax :981184295 bforum@coruna.es	Biblioteca Municipal Sagrada Familia Rúa Antonio Pereira 1-Bj. 15007 A Coruña Teléfono 981184392 bsagrada@coruna.es

Síguenos en Twitter e Facebook

